



El judío de Nueva York. // Ben Katchor

Así nace unha cidade

Banda deseñada Primeira obra traducida ao castelán de Ben Katchor

El judío de Nueva York · Ben Katchor · Astiberri, 2008 · 112 páx · 21 euros

Un singular acontecemento histórico, maxistralmente mesturado con personaxes de ficción, dá pé a este nobelo de historias que Ben Katchor nos presenta en *El judío de Nueva York*, a primeira obra traducida ao castelán deste autor neoiroquino.

No ano 1825, o xornalista, escritor e pensador sefardí Mordecai Noah convocou á comunidade xudía a participar dunha utópica comunidade que el mesmo fundara nunha illa do río Niágara e á que chamara Ararat. O experimento, que non pasou de ser unha anécdota, sérvelle a Katchor como punto de partida para artellar, baixo a súa peculiar visión, este imaxinario comezo da América do século XX que nos sitúa nos anos inmediatamente posteriores á aventura de Noah.

A obra sustentase nunha singular narración na que todos os personaxes transitan o espazo mítico dunha florecente e prometedora Nova York. Son varias as historias que se mesturan ao longo da narración, aínda que no centro de todos os acontecementos podemos atopar dúas tramas principais sobre as que orbitan as outras. A primeira céntrase no ensaio e estreia da obra de teatro titulada *El judío de Nueva York* que a compañía do New World Theatre leva a cabo neses días con insospeitadas consecuencias. A outra trata do

regreso de Nathan Kishan, carnicero kosher caído en desgraza que seguiu os pasos de Mordecai Noah ata Ararat e, tralo fracaso da experiencia, viviu varios anos no monte, cazando castores e amasando unha pequena fortuna. Na súa volta a Nova York, a súa imposibilidade de conciliar o sono baixo teito chama a aten-

ción dun vello coñecido que o atopa durmindo nun parque, tapado unicamente cunha saba, e convídalo a contarlle a súa historia nun café, maneira esta na que coñecemos as súas aventuras en Ararat.

Como ocorre en toda a narración do cómic, no transcurso do relato de Kishan outros personaxes van apa-

recendo no espazo do café. Este recurso, baseado no cruzamento de xentes e historias que se unen por pequenos detalles, constitúe a base da obra de Katchor, facendo da obra unha novela coral que só no momento final se resolve completamente encaixando todas as pezas. Ao longo desas páxinas coñecemos diversos individuos, imaxinados tipos da sociedade neoiroquina, entre os que onde destacan os personaxes xudeus: o importador de lenzaría fina e artigos relixiosos, o home que quere carbonatar a auga do lago Eire, o mensaxeiro palestino que porta sacos con terra sagrada, o importador de botóns, o decorador escénico do teatro e ata o mismísimo Mordecai Noah se ve reflectido nestas páxinas. Todo unha estraña galería, base da poética do autor, que por ocasións atopan unha base real, como é o caso do indio americano que é adestrado para recitar pasaxes da biblia en hebreo para facelo pasar por representante dunha das tribos perdidas de Israel.

A obra é rica en todos os seus matices: nos personaxes e na narración, no minucioso debuxo e especialmente no texto, con longos parlamentos nos que Katchor adopta un estilo que recorda á narrativa decimonónica cheo de numerosas referencias históricas e culturais. Todo isto converte *El judío de Nueva York* nunha densa obra que esixe un lector atento e activo pero que resulta, malia a súa complexidade, unha lectura moi gratificante. É todo un descubrimento o da singular poética de Katchor.// **María Lado**



Rica en todos os matices: nos personaxes e na narración, no debuxo e no texto, que recorda á narrativa decimonónica